

ANEXO: Solicitude de participación na convocatoria de recoñecemento de boas prácticas de calidade nos centros da USC 2021

Centro propoñente: FACULTADE DE CIENCIAS

Denominación da práctica:

A boa práctica proposta denomínase “*Ciencia para novos investigadores*” e forma parte das actividades de Promoción e divulgación das titulacións do centro, actualmente recollidas no Plan de captación de alumnado da Facultade.

Datas de desenvolvemento da práctica:

En cada curso académico ao longo de todo o período lectivo.

Breve descrición da práctica:

Motivación/obxectivo: Solucionar un problema

Dada a dificultade que se observa nalgúnhas titulacións que se imparten en campus periféricos para acadar o número mínimo de matrícula esixido polo Decreto 222/2011, as actividades que se propoñen nesta convocatoria como boa práctica e que se levan a cabo na Facultade de Ciencias teñen como obxectivo final a captación de alumnado para aumentar a matrícula de novo ingreso. Con este obxectivo e a maiores das actividades realizadas no marco do programa “A Ponte”, a Facultade de Ciencias planifica, organiza e leva a cabo ao longo de cada curso académico, unha serie de actividades de promoción e divulgación dos graos e mestrados que se imparten no centro, acordos co perfil definido e a oferta de prazas de cada titulación.

Descrición e desenvolvemento:

Este conxunto de actividades, comezou a desenvolverse no curso 2011-12 derivado do baixo número de matrícula que se observaba para as novas titulacións de grao e continuou levándose a cabo, primeiro como acción de mellora de título, logo como acción de centro e finalmente formando parte do actualmente denominado Plan de Captación de Estudiantes da Facultade de Ciencias, que se aproba e revisa anualmente dende o curso 2017-18 por parte da Comisión de Calidade do Centro e de acordo co proceso “*PC-01 Análise do perfil de ingreso e captación*” do Manual de Sistema de Garantía de Calidade.

De tódalas actividades programadas no Plan de Captación de Estudiantes, probablemente a máis importante de cara a promoción dos graos é a actividade denominada “*Ciencia para Novos investigadores*”. As xornadas “*Ciencia para Novos Investigadores*” desenvólvense en cada curso académico, durante 12-15 días, coa seguinte estrutura en quendas de mañá:

- Breve acto de benvinda e presentación, guiado polo decano da Facultade de Ciencias, e polos coordinadores das titulacións de grao impartidas no Centro (Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais, Nutrición Humana e Dietética e Bioquímica).
- Realización de sesións prácticas en distintos laboratorios do Centro, onde os estudantes desenvolveran os seus propios experimentos dirixidos polo profesorado da Facultade. A temática dos experimentos a realizar é moi variada con actividades relacionadas coas ciencias da saúde e outras labores de experimentación máis propias de aplicacións físicas, químicas ou da enxeñaría.

A elevada demanda actual por parte dos centros educativos para participar nestas xornadas obriga a organizalas en dúas fases ou períodos académicos, que se planifican en función da ocupación dos laboratorios da Facultade: a 1ª fase en xaneiro e a 2ª fase: en maio.


Prégase brevidade e concisión na descrición da práctica. No caso de precisar máis espazo, pode agrandar os cadros de texto e empregar ata un máximo de 2 páxinas en total.

Ciclo de planificación, implementación, avaliación, axuste e mellora


A planificación e seguimento destas actividades de promoción e divulgación foi constatado ao logo do período sinalado mediante as accións de mellora derivadas dos procedementos de renovación de acreditación dos títulos (2014-15) e de certificación de implantación do SGC da Facultade de Ciencias (2017-18) ata acadar o formato actual de Plan de Captación e o ciclo de seguimento de acordo co proceso *PC-01* antes mencionado.

Efectos da aplicación:


Os efectos da aplicación desta boa práctica atópanse recollidas dende o ano 2012 na evolución da matrícula de novo ingreso tal como se recolle nas memorias de calidade do centro e nos diferentes informes de seguimento dos títulos. Como exemplo amósanse os gráficos coa evolución de matrícula para os graos que se imparten no centro.



Evolución da matrícula no Grao en Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais



Evolución da matrícula no Grao en Nutrición Humana e Dietética



Evolución da matrícula no Grao en Bioquímica

Esta actividade, pode desenvolverse, noutros centros da USC adaptándose as características, recursos e infraestrutura de cada un así como aos perfiles de ingreso recomendado nas titulacións obxecto de captación.

Breve avaliación da eficacia da práctica:

Aínda que resulta evidente que existen moitos mais factores que inflúen na matrícula de novo ingreso e que non hai unha dependencia directa coas labores de captación que se fagan dende a universidade ou dende o centro, pódese observar unha grande incidencia entre a capacidade de difusión e promoción realizada e os resultados de matrícula acadados. Dende a Facultade estamos convencidos que de non levar a cabo este tipo de actividades (Plan de Captación) a evolución da matrícula do centro podería atoparse moi por debaixo dos números actuais. Debido a isto, cada ano, tódolos grupos de interese (PDI, PAS e alumnado) colaboran e poñen o seu empeño en potenciar as accións de promoción e divulgación das titulacións que se imparte no centro.

Resultados:

Nos últimos cursos académicos visitaron anualmente a Facultade de Ciencias para coñecer a oferta académica do centro dentro do programa "**Ciencia para novos investigadores**" preto de 500 alumnos de entre 15 e 20 centros de ensinanza secundaria excepto os dous últimos cursos debido á pandemia da COVID19:

- Curso 2014-15: participaron 356 estudantes de 9 centros educativos.
- Curso 2015-16: participaron 351 estudantes de 8 centros educativos.
- Curso 2016-17: participaron 496 estudantes de 14 centros educativos.
- Curso 2017-18: participaron 471 estudantes de 12 centros educativos.
- Curso 2018-19: participaron 498 estudantes de 14 centros educativos.
- Curso 2019-20: participaron 354 estudantes de 11 centros educativos (COVID19).
- Curso 2020-21: non se realizou pola COVID19.

Os resultados desta experiencia son moi satisfactorios para tódolos participantes. Isto queda demostrado por unha banda cos resultados de matrícula nos graos (antes sinalados) e por outra no interese dos centros de secundaria, xa que cada ano a Facultade recibe máis solicitudes de visita. Debido a isto, nas últimas campañas de promoción, tense ampliado o calendario para poder satisfacer tódalas solicitudes.

Prégase brevidade e concisión na descrición da práctica. No caso de precisar máis espazo, pode agrandar os cadros de texto e empregar ata un máximo de 2 páxinas en total.

Evidencias dos resultados acadados:

As evidencias desta boa práctica atópanse recollidas dende o ano 2012 na evolución da matrícula de novo ingreso tal como se recolle nas memorias de calidade do centro e nos diferentes informes de seguimento dos títulos así como no caso concreto do Grao en Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais nos informes de cumprimento do seu Plan de viabilidade.

- Plan de Captación de Estudiantes 2020-21:

[https://pro-assets-](https://pro-assets-usc.azureedge.net/cdn/ff/D1nUWsuVSvUs3500a7eaoghIPD6ge2KyNDSCYyHhDRQ/1634624057/public/documents/2021-05/PLAN%20de%20captaci%C3%B3n%20de%20estudiantes%202020-2021.pdf)

[usc.azureedge.net/cdn/ff/D1nUWsuVSvUs3500a7eaoghIPD6ge2KyNDSCYyHhDRQ/1634624057/public/documents/2021-05/PLAN%20de%20captaci%C3%B3n%20de%20estudiantes%202020-2021.pdf](https://pro-assets-usc.azureedge.net/cdn/ff/D1nUWsuVSvUs3500a7eaoghIPD6ge2KyNDSCYyHhDRQ/1634624057/public/documents/2021-05/PLAN%20de%20captaci%C3%B3n%20de%20estudiantes%202020-2021.pdf)

- Memorias de Calidade do centro:

[https://pro-assets-](https://pro-assets-usc.azureedge.net/cdn/ff/MYImN84pce4DXTLgKBgrmBjda6VPkVwGSjFQkLgksM/1634624034/public/documents/2021-06/Memoria%20de%20Calidade%20Fac%20Ciencias%202019-20-final_0.pdf)

[usc.azureedge.net/cdn/ff/MYImN84pce4DXTLgKBgrmBjda6VPkVwGSjFQkLgksM/1634624034/public/documents/2021-06/Memoria%20de%20Calidade%20Fac%20Ciencias%202019-20-final_0.pdf](https://pro-assets-usc.azureedge.net/cdn/ff/MYImN84pce4DXTLgKBgrmBjda6VPkVwGSjFQkLgksM/1634624034/public/documents/2021-06/Memoria%20de%20Calidade%20Fac%20Ciencias%202019-20-final_0.pdf)

- GEPQI. Informes de seguimento, informes de cumprimento do Plan de Viabilidade:

- Xornal electrónico da USC:

<https://www.usc.es/gl/xornal/novas/ciencias-achegase-ensino>